

ENTREGA N°2. TRABALLO CLASE DE 3 ANOS.

A parte das tarefas enviadas a semana pasada, que poderán seguirse facendo, envío outras novas. Recordade que cada familia pode adaptalas en función das necesidades, e organizarse como considere.

1-As figuras xeométricas: círculo, cadrado e triángulo. O adulto/a debuxará nun papel cada unha destas 3 figuras, de maneira que teñan un tamaño medio e cada unha delas se repita al menos unha vez. Mandaremos que os nenos/as as coloreen da cor indicada polo adulto, correspondendo unha cor a cada tipo de figura, deixando que sexa o cativo/a o que asocie figura-cor. Buscamos no medio elementos con estas tres formas. Xogamos a esconder unha figura e que a atopen. Que intenten debuxar a figura. Facer un cadrado/círculo/triángulo nun folio, e que o neno/a faga un debuxo partindo desa forma (por exemplo, que fagan a partir dun cadrado, unha casa) deixando traballar a súa imaxinación.

2- Seguir facendo o n°1 e 2.

3- A partir dunha caixa de 6 ovos, decorala e poñer en cada un dos ocos un número (1-6). Xogar a meter en cada oco o número de elementos indicado (lentellas, fabas...). Poderán traelo logo ó cole.

4- Figura humana. Xogamos co corpo seguindo ordes do adulto (lavantamos unha man/as dúas/un pe/un dedo, tapamos un ollo/os dous/unha orella...) logo o adulto/a xoga seguindo as ordes do neno/a. Debuxamos unha figura humana, o adulto/a indicarlle as partes que faltan para que o neno/a complete o debuxo. Faremos tamén unha cara, poñéndolle todas as partes.

5- Contos clásicos: cada día da semana leremos un conto clásico (carapuchiña vermella/ os tres porquiños/ os sete cabritiños/ polgariño/ Hansel e Gretel). Preguntas de comprensión de cada un dos contos. Debuxo do conto. Repartímonos as personaxes en familia e dramatizamos cada día o seu conto correspondente.

6- A chegada da primavera. Buscamos información sobre esta estación ou contámoslle ós nenos/as o que sabemos dela: características propias desta estación. Diferenciación co outono e o inverno. Roupa propia da época. Cambios no medio (flores/tempo/actividades).

O importante é que os cativos perciban a diferenza que supoñen as estacións e que hai uns elementos asociados a cada unha delas.

7- Sementamos unha legume nun recipiente transparente, preferiblemente colocala de xeito que se poda apreciar a raíz dende fóra, e coidámola, vendo os cambios que se producen nela día a día.

8- Facemos unha cabeza con un cartón. Poñémoslle ollos, orellas...todo menos pelo. Recortámola (os nenos/as que non recorten que lla corte o adulto/a). Logo imos xogar a poñerlle pelos (que serán pinzas da roupa). Dámoslle ordes ó neno/a (ponlle 1 pelo, ponlle 2,3...); quítalle un pelo, 2,3...) Ordes deste tipo. Podemos tamén xogar a pinzar noutras superficies (o importante é que fagan o exercicio de pinzar).

9- Concepto de par/parella: collemos todos os calcetíns que teñamos na casa e xuntámoslos nunha montaña. Xogamos a buscar as parellas. O mesmo con pares de zapatos.

10- Circuito pola casa. Podemos poñer un percorrido con diferentes obxectos que os nenos/as deberán sortear para chegar á meta. Por exemplo: poñémonos na liña de saída, andamos doús

pasos e atopamos unha cadeira para pasar por debaixo, damos outros dous pasos e hai que saltar un par de peluches cos pes xuntos, logo hai que ir gateando deica a parede...Un circuito deste estilo dentro do que o espazo nos deixe.

11- Debuxo libre.

12- Rápido-lento: escoitamos a canción “Eu ben vin estar o moucho” que podedes atopar en youtube. Seguimos o seu ritmo batendo palmas, batendo coa man na mesa, intercalando palmada e golpe na mesa, con un tambor improvisado...Podemos fabricar unha maraca con un iogur ou bote de bebible, meténdolle dentro legumes.

13- Facemos nun papel o nome do neno/a en maiúsculas (esto pode ampliarse a outros nomes según cada neno/a) facemos noutro papel as letras do nome, recortámolas en cadradiños e o cativo/a terá que reproducir o nome ordenando as letras.